



Subscripción no servizo de predición para portos e confrarías

Que proporciona este servizo?

Este servizo permite que calquera persoa poida recibir diariamente no seu correo electrónico a información de predición para calquera dos porto/s ou confraría/s que se listan na páxina web de Meteogalicia, en concreto, na páxina de Predición para portos e confrarías:

<http://www.meteogalicia.gal/web/predicion/taboas/index.action>

A información envíase 2 veces ó día, normalmente un envío faise ás 08:00h e ás 16:00 h.

Que datos de predición proporciona este servizo?

Os datos de predición (para 3 días) son os seguintes:

- O estado do ceo
- Vento
- Temperatura do aire (°C)
- Altura significativa das ondas (metros)
- Dirección do mar
- Temperatura da auga (°C)
- Período da onda
- Mareas
- Orto e ocaso
- Fases da lúa

De onde proveñen os datos da predición?

Os datos meteorolóxicos e oceanográficos proporcionados por esta predición son resultado da utilización dos modelos de predición de ondas e meteorolóxicos da seguinte forma:

1. **Temperatura do aire:** procedente do WRF_2D 04km
2. **Vento:** procedente do WRF_2D 04km.
3. **Altura significativa das ondas:** procedente do WW3 ou do SWAN en función da posición do punto.
4. **Dirección do mar:** procedente do WW3 ou do SWAN en función da posición do punto.
5. **Temperatura da auga:** procedente do MOHID ou do ROMS en función da posición do punto.
6. **Período de onda:** procedente do WW3 ou do SWAN en función da posición do punto.

Para máis información sobre os modelos pode consultar a páxina:

<http://www.meteogalicia.gal/modelos/index.action>

Como darse de alta neste servizo?

O usuario só debe proporcionar o email no que desexa recibir a predición e indicar cal é o porto ou confraría do que quere recibir a información. Cada novo porto/confraría do que queira recibir a predición necesita unha petición distinta.

Para facer a petición vaia a páxina de predición para portos e confrarías (<http://www.meteogalicia.gal/web/predicion/taboas/index.action>).
 Seleccione o porto/confraría (para o cal quere recibir a información) no desplegable “Entidade”.

Búsqueda

febreiro, 2015

| | | | | | | |
|----|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 1 |
| 29 | 30 | 31 | 1 | 2 | 3 | 4 |

hoxe: 03/02/2015

Tipo: TODOS

Provincia: TODAS

Entidade: **A Coruña**

A Coruña Ver pdf

Fases da lúa

Lúa chea
 Porcentaxe de superficie iluminada: 99 %

Lúa nova
 martes, 20 de xaneiro de 2015, 14:14

Cuarto crecente
 martes, 27 de xaneiro de 2015, 05:49

Lúa chea
 mércores, 04 de febreiro de 2015, 00:10

Cuarto minguante
 xoves, 12 de febreiro de 2015, 04:52

Orto e ocaso

Orto: 08:48 Ocaso: 18:46

Mareas: A Coruña

| | hora | Altura |
|----------|-------|--------|
| Preamar | 03:58 | 3.7 m. |
| Baixamar | 10:09 | 0.8 m. |
| Preamar | 16:17 | 3.6 m. |
| Baixamar | 22:14 | 0.9 m. |

* Mareas, fases da lúa, orto e ocaso: horas en horario local.

Ver pdf

A Coruña

martes, 03 de febreiro mércores, 04 de febreiro xoves, 05 de febreiro

| Hora UTC | 00:00 | 03:00 | 06:00 | 09:00 | 12:00 | 15:00 | 18:00 | 21:00 |
|--------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Estado do ceo | - | - | ☁ | ☁ | ☁ | ☁ | ☁ | ☁ |
| Vento | - | ↙ | ↙ | ↙ | ↙ | ↙ | ↙ | ↙ |
| Temperatura do aire (°C) | - | 5 | 5 | 4 | 4 | 4 | 3 | 2 |
| Altura significativa (m) | 1.2 | 1.07 | 0.97 | 0.96 | 1.12 | 1.37 | 1.64 | 1.68 |
| Dirección do mar | ↘ | ↘ | ↘ | ↘ | ↘ | ↘ | ↘ | ↘ |
| Temperatura da auga (°C) | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 |
| Período da onda | 10 | 10 | 10 | 10 | 9 | 10 | 10 | 11 |

Raia | Observatorio Oceanográfico da Marxe Ibérica
 www.marraia.com

Unha vez seleccionado o porto/confraría na parte inferior da páxina aparece o seguinte contido (o nome do porto/confraría varia en función da selección feita no paso anterior):



Subscribase: Predicción para A Coruña

Reciba a predición para **A Coruña** por correo electrónico todos os días. [+info](#)


DATOS SUBSCRICIÓN

Enderezo Electrónico *

*Campo obrigatorio

Confirmación de identidade: *

Para previr o envío de solicitudes automáticas, requírese que introduza un código de confirmación. O código amósase na imaxe que debería ver debaixo. Introduza o código de confirmación exactamente como se ve nesta imaxe:



Enviar

Neste formulario o usuario ten que introducir o enderezo electrónico no que quere recibir a información de predición e un código de confirmación que deberá ser o que vexa na imaxe que aparece nese momento no formulario. Este último código é necesario para evitar que se fagan subscricións automáticas sen permiso do usuario.

Unha vez que insira os datos correctamente envíaselle ó usuario (no enderezo electrónico indicado no formulario) un correo de confirmación. Neste correo aparecerá unha dirección web sobre a que ten que premer para confirmar a subscrición, se este último paso non funcionou correctamente, copie a dirección indicada, pegea nun navegador (Internet Explorer, Firefox...) e pulse a tecla "Enter".

Como darse de baixa neste servizo?

O proceso é similar á alta no servizo pero neste caso o usuario vai ó formulario que se atopa na seguinte dirección:

<http://www.meteogalicia.gal/web/predicion/taboas/baixasubscricion.action>

Este enlace está accesible na parte inferior da páxina de Predición para portos e confrarías.

Neste formulario, seleccione o porto/confraría no que se quere dar de baixa, introduce o correo electrónico que introduciu no formulario de alta e ademais insira un código de confirmación que como no caso anterior debe ser o mesmo que aparece na imaxe do formulario. Este código impide que se fagan baixas nas subscricións de forma automática.



Que fago si teño algunha dúbida?

Pode poñerse en contacto co departamento de Administración Web de MeteoGalicia. Consulte os datos de contacto en: <http://www.meteogalicia.gal/web/informacion/contactoIndex.action>